

COMISIÓNS DE SERVIZO DE CONCILIACIÓN TODA A INFORMACIÓN SOBRE A NOVA ORDE QUE AS REGULA

QUEN PODE SOLICITAR COMISIÓNS DE CONCILIA?

- O profesorado funcionario de carreira, profesorado que no curso actual está en prácticas e profesorado interino.
- As persoas que nunca prestaron servizos para a Consellaría e aproben a oposición, sendo funcionariado en prácticas a partir do 1 de setembro, NON poderán pedir concilia.

COMO SE SOLICITAN E ADXUDICAN?

- A petición de comisións farase mediante a aplicación informática de CADP., accedendo a unha pestana específica para pedir comisións de servizo, habilitada só durante o prazo fixado na convocatoria.
- A adxudicación das comisións, que se fai conxuntamente coa adxudicación xeral de destinos provisionais farase por colectivos:
 1. profesorado funcionario de carreira (definitivo ou en expectativa)
 2. profesorado en prácticas
 3. profesorado interino

QUE REQUISITOS DE IDADE DEBEN TER OS FILLOS E FILLAS?

- TIPO 1: Filla ou fillo menor de 4 anos ou de 6 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.
- TIPO 2: Dúas fillas ou fillos menores de 6 anos ou de 8 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.
- TIPO 3: Tres ou máis fillas ou fillos menores de 12 anos ou de 14 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.

Poderase pedir comisión nos casos de **embarazo** a término con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte.

Nas **adopcións ou acollementos** a idade cóntase desde a resolución xudicial ou administrativa. Só un dos cónxuxes poderá solicitar comisión, agás no caso de **custodias compartidas** por sentenza xudicial no que ambos proxenitores poderán solicitar a comisión.

QUILOMETRAXE

A distancia calcúlase só cando hai destino definitivo e ese destino ten que estar a 60Km ou máis do **domicilio**. En todas as solicitudes hai que xustificar a domicilio.

Xustificación do domicilio

Para acreditar a residencia é preciso entregar a seguinte documentación:

- **certificación de empadramento expedida polo concello**
- **declaración responsábel da persoa interesada.**

OUTROS REQUISITOS

- Hai que solicitar en primeiro lugar centros da localidade de residencia ou, se é o caso, da localidade máis próxima.
- Poden solicitarse tamén prazas noutros centros e localidades sendo preceptivo priorizar aquelas situadas nun radio de 20km da localidade de residencia.
- Quen solicita comisión de concilia non pode efectuar outra solicitude ordinaria do CADP. Por tanto, as persoas con destino provisional (expectativa, interinas) deben colocar despois das prazas indicadas nos puntos anteriores todos os centros que colocaría nunha solicitude normal xa que, de non facelo, corre o risco de ser colocada de oficio (expectativa ou prácticas) ou quedar sen traballo (interina).

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo ordinario de solicitude é nos 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación no DOG da resolución do CXT.

Excepcións:

- Nos anos en que o CXT sea de ámbito estatal e as resolucións dos diferentes corpos sexa en datas diferentes, o prazo dos 15 días contarase desde a publicación no DOG do último concurso.
- Se algún ano non houber concurso de traslados o prazo para solicitar esta modalidade de comisións será do 15 ao 30 de abril.
- Para o curso 2017/18 o prazo será nos 15 días naturais a partir do seguinte da publicación da orde no DOG.